



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 199
16 de setembro de 2021

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

■ 21014 (11/INT-001140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a política do Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego [76314](#)

■ 21033 (11/INT-001141)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre o modelo de financiamento para Galicia [76316](#)

■ 21039 (11/INT-001142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a autorización xudicial de medidas sanitarias restritivas de dereitos fundamentais [76320](#)

■ 21086 (11/INT-001143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a evolución negativa do crédito en Galicia [76322](#)

■ 21114 (11/INT-001144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da prevención e extinción de incendios forestais [76326](#)

■ 21193 (11/INT-001145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a aplicación das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019 [76330](#)

■ 21202 (11/INT-001146)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a aplicación na xestión orzamentaria da Xunta de Galicia das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019 [76333](#)



I 21205 (11/INT-001147)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego respecto da coexistencia entre a gandaría extensiva e a protección do lobo

[76336](#)**I 21244 (11/INT-001148)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o servizo de axuda no fogar

[76342](#)**I 21248 (11/INT-001149)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre a incidencia do baleirado dos encoros na extinción dos incendios forestais

[76344](#)**I 21254 (11/INT-001150)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego respecto da recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais

[76348](#)**I 21329 (11/INT-001151)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa xestión dos encoros

[76351](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de setembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 21014 (11/INT-001140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a política do Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego

- 21033 (11/INT-001141)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre o modelo de financiamento para Galicia

- 21039 (11/INT-001142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a autorización xudicial de medidas sanitarias restritivas de dereitos fundamentais

- 21086 (11/INT-001143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a evolución negativa do crédito en Galicia

- 21114 (11/INT-001144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da prevención e extinción de incendios forestais

- 21193 (11/INT-001145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a aplicación das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019

- 21202 (11/INT-001146)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a aplicación na xestión orzamentaria da Xunta de Galicia das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019



- 21205 (11/INT-001147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da coexistencia entre a gandaría extensiva e a protección do lobo

- 21244 (11/INT-001148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o servizo de axuda no fogar

- 21248 (11/INT-001149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a incidencia do baleirado dos encoros na extinción dos incendios forestais

- 21254 (11/INT-001150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais

- 21329 (11/INT-001151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa xestión dos encoros

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Consello da Cultura Galega organizaba a finais do ano 2019 o Foro Patrimonio e Sociedade, unha iniciativa que se desenvolvería ao longo dun ano e medio coa fin de tratar o que debe ser o camiño ou cambio de paradigma para unha axeitada xestión do patrimonio galego, que hoxe se mostra a todas luces insuficiente.

O foro viña motivado polo traballo da sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG ao longo dos últimos anos, que chamaba a reflexionar acerca de numerosas cuestións sobre a xestión do patrimonio cuxo tratamento debiera ser actualizado: dende se son efectivas as políticas de protección da Lei de Patrimonio Cultural ata se é necesaria unha transversalidade real na toma de decisións sobre o patrimonio ou mesmo se é preciso revisar o funcionamento da Comisión de Cultura do Parlamento.

O proxecto, no que participaron numerosas persoas expertas, o tecido social implicado na materia e mesmo os partidos políticos con representación parlamentaria, culminou este verán nunha *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*.

Nesa Guía achéganse as conclusións específicas de cada unha das tres mesas de traballo -*Patrimonio, políticas públicas e normativa legal; Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural; e Patrimonio, educación, formación e cidadanía*-, pero tamén catro ideas forza a xeito de conclusións imprescindibles para unha mellora da xestión patrimonial en Galicia e que no PSdeG compartimos.

O CCG propón así, como ideas xerais e fundamentais, elaborar un plan autonómico patrimonial de Galicia, a creación dunha comisión de patrimonio no Parlamento galego, un observatorio do patrimonio e un órgano interadministrativo de coordinación da política patrimonial co obxecto de atender a necesaria transversalidade nesta materia.

No PSdeG somos conscientes de que é preciso revisar a concepción actual que existe sobre a xestión do patrimonio e actualizala para así pór en marcha políticas efectivas que protexan e poñan en valor o noso inxente patrimonio cultural, e por iso a deputada e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Vai facer súas o Goberno galego as principais conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade, un proxecto desenvolvido ao longo de ano e medio polo Consello da Cultura Galega?



2ª) Como valora o Goberno galego o traballo do Consello da Cultura Galega en materia de patrimonio e concretamente as conclusións do seu Foro Patrimonio e Sociedade?

3ª) Considera o Goberno galego que é precisa unha maior colaboración interdepartamental para unha xestión eficaz do noso patrimonio cultural? Ten previsto crear un órgano de coordinación a tal fin?

4ª) Cre necesaria a creación dunha comisión de patrimonio no Parlamento de Galicia? E dun observatorio do patrimonio?

5ª) Cre o Goberno galego que a nosa Lei do patrimonio cultural garante a total protección do noso patrimonio?

6ª) Considera que a xestión do patrimonio en Galicia é máis reactiva que proactiva?

7ª) Existe coordinación de todos os departamentos da Xunta de Galicia coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural á hora de deseñar políticas ou lexislación acerca de cuestións que afectan directamente o patrimonio?

8ª) Con que frecuencia consulta o Goberno galego ou solicita informes ao Consello de Cultura Galega, único órgano estatutario en materia cultural, sobre cuestións relacionadas co patrimonio?

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 03/09/2021 12:02:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/09/2021 12:02:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade dun novo modelo de financiamento xusto para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A diagnose do actual modelo de financiamento amosa como resulta totalmente insuficiente para garantir unha adecuada prestación de servizos básicos que corresponden a Galiza como a sanidade, a educación ou a dependencia. É evidente que a forte centralización no Estado español, onde o goberno central exerce o control sobre os ingresos recadados en Galiza, impide desenvolver o autogoberno, a comezar por limitar a capacidade para poder deseñar un marco fiscal acaído para garantir a prestación de servizos públicos de calidade e por limitar o exercicio das nosas competencias ao ver limitado o seu financiamento.

Co estoupido da crise da covid 19 no ano 2020 fíxose máis evidente ca nunca esta realidade e a necesidade de superar este mecanismo cara un novo sistema de financiamento que garanta suficiencia e capacidade financeira para o noso país.

Cómpre recordar que a revisión do actual sistema estaba prevista xa para o ano 2014. Porén, o inmovilismo e a falta de vontade dos sucesivos gobernos estatais provocou o mantemento dun sistema de financiamento totalmente obsoleto malia a reclamación de diferentes comunidades. É de salientar tamén a falta de proactividade e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vontade política dos anos do goberno de Feijóo, que se limitou a manter unha posición subsidiaria do Partido Popular estatal e a evadir un debate profundo e de país sobre as necesidades que ten Galiza neste ámbito.

Malia o negacionismo aplicado polas forzas estatais, a última liquidación tributaria dispoñíbel de 2018 indica que o Estado recadou no noso país 13.132 millóns de euros. A cambio, ese ano recibimos do Estado unicamente 8.158 millóns de euros. Co sistema vixente temos unha perda acumulada de máis de 9.000 millóns de euros nunha década. Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos e apoiar aos sectores produtivos.

Polo tanto, neste contexto de transformación económica e social acelerado pola covid-19 e as súas consecuencias, Galiza debe tomar as rendas do seu futuro negociando as condicións para unha nova relación económica que blinde máis capacidade de autogoberno e de mellorar a vida dos galegos e galegas. É necesario que este país rompa coa espiral de inercia dos gobernos dos últimos anos e que o Parlamento asuma un papel central nun debate de país que marcará o nosos futuro.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Comparte o goberno galego a necesidade de que os grupos parlamentares con representación na Cámara traballen nunha proposta de país diante da reforma do sistema de financiamento?

Comprométese o goberno galego coa demanda dun novo modelo de financiamento baseado no aumento da capacidade de decisión sobre os seus recursos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que foi un lastre na crise do coronavirus a falta de capacidade de decisión sobre o destino dos nosos recursos económicos? Que fixo para superar esta situación?

Considera a Xunta de Galiza que foi un erro contribuír a que após 2014 non se renegociara un novo sistema de financiamento?

Cre o goberno galego que foron positivos os resultados do sistema de réxime común para Galiza? Como valora os recursos perdidos?

Recoñece o goberno galego que o actual sistema infrafinancia os servizos públicos que nos corresponde desenvolver como país, especialmente a sanidade?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2021 10:48:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2021 10:48:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/09/2021 10:49:01

Daniel Pérez López na data 06/09/2021 10:49:12



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**:

O 12 de agosto coñecemos a través dunha nota de prensa do TSXG que a Xunta de Galicia levaba 20 días –concretamente desde que ditou a orde de 22 de xullo que contiña o requirimento de presentar un documento de vacinación obrigatoria ou proba negativa para entrar nos locais dedicados á hostalaría, obrigando a hostalería de Galicia a esixir un certificado de vacinación sen ningún tipo de autorización xudicial.

É a primeira vez en España, segundo o noso coñecemento, que un Tribunal Superior de Xustiza ten que explicarlle, a través dunha nota de prensa, a un goberno autonómico que unha medida restritiva de dereitos fundamentais non ten vixencia se non está autorizada xudicialmente. O propio TSXG cualifica a actuación do Goberno galego de “anómalo proceder por parte de la Xunta”, o cal é, evidentemente un eufemismo para denominar unha grave ilegalidade cometida por unha administración que –a pesar de estar fortemente suxeita ó principio de legalidade- permítese restrinxir un dereito fundamental como é o de libre movemento unilateralmente, sen contar con autorización xudicial ou cun estado de alarma que respalde tal restrición.

Ante esta situación, a Xunta límitase a dicir que vai solicitar a autorización xudicial, cando esa medida ilegal leva 20 días aplicándose sen ningún tipo de validez porque non foi autorizada xudicialmente.

A característica dunha democracia é o respecto ás normas, e senón se respectan as normas, non pode haber democracia porque se a Xunta está lexitimada para saltarse a lei haberá quen se sinta lexitimado para facer o que lle dea a gana, non respectar as restricións ou, xa postos, non pagar impostos.

Polo exposto, o deputados e deputada asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.^a) Como valora a Xunta de Galicia o feito de que o TSXG teña que emitir o 12 de agosto unha nota de prensa lembrándolle que a orde de 22 de xullo relativa á esixencia de certificado de vacinación na hostalería non ten vixencia porque non



foi sometida a autorización xudicial, a pesar do cal a administración autonómica levaba obrigando á hostalería a aplicar esa orde 20 días?

2.^a) Considera a Xunta de Galicia que non precisa autorización xudicial para restrinxir dereitos fundamentais?

3.^a) Cal foi o motivo polo que a Xunta non solicitou autorización xudicial para aplicar a orde de 22 de xullo?

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/09/2021 11:39:00

Paloma Castro Rey na data 06/09/2021 11:39:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á evolución negativa do crédito en Galiza e as medidas para corrixir esta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten por diante un gran reto a respecto dos fondos extraordinarios arbitrados para dar resposta á crise da Covid-19. O noso país necesita avanzar económica e socialmente e combater as graves consecuencias da pandemia mais tamén do modelo socioeconómico. Para iso, de cara a introducir mudanzas estruturais, sería necesario impulsar a maior anticipación posíbel para intervir neste debate e que o noso país sexa quen de obter fondos que destinar á reactivación económica, social e cultural e acertar no seu destino incrementando a capacidade de acción.

Desde o comezo da lexislatura o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego insistiu na importancia que de Galiza contase cunha posición forte, consensuada, dialogada e transparente diante da carreira pola obtención de fondos europeos ao seren unha opción para o financiamento de políticas de resposta ás necesidades da pandemia da covid-19 e de resposta ás debilidades estruturais do noso sistema socioeconómico, previas ao coronavirus.

Porén, a actuación da Xunta de Galiza camiñou en dirección contraria. Nin se anticipou con propostas de gobernanza e criterios de reparto, nin abriu un debate real





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coas forzas políticas e axentes sociais relevantes do país. A diferenza do que aconteceu noutras realidades próximas, nin o Parlamento nin organismos coma o Parlamento Galego ou o Consello Económico e Social tiveron un papel central.

A liña errática e ineficaz da Xunta de Galiza tamén se viu no seu escaso peso e capacidade política á hora de reclamar con resultados un trato xusto por parte do goberno central, que está aproveitando este contexto para actuar de forma unilateral, escurantista e centralista, tal e como amosan os mecanismos previstos para a xestión, o espírito do Real Decreto Lei 36/2020 ou o feito de ter acordado unha condicionalidade con Bruxelas que non coñecen nin as comunidades nin sequera o propio Parlamento estatal.

É necesario e urxente que Galiza teña unha posición proactiva sobre cales son as medidas necesarias para corrixir o papel subsidiario que está a adoptar a Xunta de Galiza e a centralización do Estado. Así mesmo, é necesario corrixir a falta de transparencia e rendición de contas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións está a defender a Xunta de Galiza para evitar que Galiza perda capacidade económica e política diante do reto dos fondos europeos?

Que vai facer o goberno galego para que o goberno central deixe de asignar a Galiza contías menores ás que lle corresponde con base a indicadores obxectivos?

Que vai facer o goberno galego para defender as competencias exclusivas de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións está a impulsar a Xunta de Galiza para que as propostas galegas sexan consensuadas?

Por que a Xunta residencia a xestión e decisión sobre as prioridades galegas nunha empresa maioritariamente privada e controlada por unha entidade financeira?

Por que a Xunta mantén a falta de transparencia e non concreta nin remite información dos proxectos europeos anunciados polo Presidente da Xunta e por outros membros do goberno?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2021 16:56:30

Ramón Fernández Alfonso na data 06/09/2021 16:56:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 06/09/2021 16:56:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a desestabilización dos lumes e a necesidade dun SPDIF único, profesionalizado e que atenda as emerxencias no rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mudanzas na climatoloxía galega debidas ao cambio climático e ao quecemento global están a facer que a maior incidencia en lumes forestais, que até fai poucos anos se focalizaba nos meses de xullo e agosto, se teña desprazado no tempo até finais de verán e os meses de outono.

A desestacionalización dos incendios veu así determinada por unha climatoloxía variábel, con varios ciclos de altas temperaturas, seca persistente e baixa humidade que se reproducen con considerábel frecuencia e que se nutren das enormes masas de combustíbel presentes nun territorio no que o envellecemento, o despoboamento e a falta de usos do monte son a terríbel realidade de boa parte do noso país.

Non vai moito tempo, en 2017, puidemos comprobar da forma máis virulenta posíbel as consecuencias que o despoboamento do rural trae consigo e como esa falta de capital humano que nutra o territorio obriga ao mantemento dun sistema de prevención de lumes que ten que estar activo durante case todo o ano, con limpeza de franxas e superficies moitas veces inabarcábeis e imposíbeis de cubrir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O mesmo semella estar a acontecer neste 2021. Un xullo moi húmido e de choivas seguido dun agosto quente provocou que agora en setembro fai que sexa case imposíbel controlar un territorio despoboado onde a maleza campa ás súas anchas.

Vímolo na xornada do 6 de setembro cando Galiza comezou a arder de norte a sur e de leste a oeste: Éntoma (O Barco de Valdeorras), Enxilde (Mazaricos), Pantón, Chandrexa de Queixa, Cerceda, Portomarín, Santa Comba, Bastabales, Brión, Guitiriz, Friol, A Peroxa, A Proba de Trives, Seres (Castroverde), Cualedro e, sobre todo, Quiroga e Ribas de Sil, con varios focos sendo o máis importante o que atravesou a N-120 no lugar de Rairos para introducirse no concello de Quiroga e da Pobra de Brollón, a esta hora (con máis de 900 hectáreas calcinadas oficialmente) aínda sen controlar.

Este último lume acóllese sen ningunha dúbida á nova tipoloxía de incendios de expansión máis rápida, con afectación a núcleos de poboación, con maior carga de combustible en densidade e extensión, temperaturas máis altas, baixa humidade e moito vento.

Nas labores de extinción están a participar medios do SPDIF (nas súas distintas condicións), BRIF, GES e UME. Xúntase así persoal de distintas administracións e do exército, con distintas condicións laborais, distintos graos de formación e distintas capacidades á hora de enfrontar o lume.

Sen embargo este novo modelo de lumes, máis virulento, rápido, agresivo e perigoso precisa cada vez máis dun sistema de prevención e extinción o máis profesionalizado posíbel, con mando único e cunha formación homologada e efectiva que require de persoal fixo para enfrontar a cada vez máis evidente desestacionalización dos lumes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- Por que a Xunta de Galiza continúa a manter un SPDIF disgregado, con brigadas fixas-descontinuas e brigadas municipais non profesionalizadas que non son quen de afrontar con garantías os lumes de última xeración?
- Consideran que sería máis eficiente un SPDIF centralizado e profesionalizado con persoal ben formado e non precarizado?
- Estiman que é unha realidade que os incendios forestais están cada vez máis desestacionalizados?
- Por que non se desenvolve un SPDIF con capacidade e competencia para funcionar como un auténtico servizo de emerxencias rural?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2021 11:22:51

María del Carmen Aira Díaz na data 07/09/2021 11:22:56

María González Albert na data 07/09/2021 11:23:06



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira”*, de xeito que o Consello de Contas, de acordo co artigo 53 do Estatuto de autonomía de Galicia, debe ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación emitindo unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da Administración autonómica, cumprindo con tres obxectivos: verificar se a información rendida é completa e



permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable; determinar se as contas reflicten razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

O 30 de xullo deste ano tiveron entrada neste Parlamento a Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2020 e oito informes de fiscalización entre os que se inclúe o informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente a 2019.

No dito Informe de Fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 o Consello de Contas volve a poñer de manifesto unha serie de irregularidades na presentación das contas e na información facilitada que limitan o alcance do informe e presentan un número importante de incorreccións que se reiteran, na súa maioría, ano tras ano, polo que a maioría das recomendacións formuladas son idénticas ás feitas en exercicio anteriores e que seguen a estar pendentes de aplicación.

O feito de non aplicar as recomendacións feitas polo órgano fiscalizador supón un incumprimento grave co compromiso de transparencia, limitando a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación.

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento sistemático por parte da Administración autonómica das recomendacións feitas polo Consello de Contas no seus informes de fiscalización?

2ª) Vai o Goberno galego aplicar as recomendacións feitas polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade para o exercicio 2019?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2021 17:26:50





María Leticia Gallego Sanromán na data 07/09/2021 17:27:04

Juan Carlos Francisco Rivera na data 07/09/2021 17:27:14



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira”*, de xeito que o Consello de Contas, de acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, debe ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación emitindo unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da administración autonómica, cumprindo con tres obxectivos: verificar se a información rendida é completa e



permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable; determinar se as contas reflicten razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

O 30 de xullo deste ano tiveron entrada neste Parlamento a Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondes ao exercicio 2020 e oito informes de fiscalización entre os que se inclúe o Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente a 2019.

No dito informe de Fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 o Consello de Contas volve a poñer de manifesto unha serie de irregularidades na presentación das contas e na información facilitada que limitan o alcance do informe e presentan un número importante de incorreccións que se reiteran, na súa maioría, ano tras ano, polo que a maioría das recomendacións formuladas son idénticas ás feitas en exercicios anteriores e que seguen a estar pendentes de aplicación.

Entre as incorreccións que pon de manifesto o órgano fiscalizador, manifesta no apartado B):

“2.5. No orzamento da Administración xeral rexistráronse con cargo ao exercicio 2019 gastos de exercicio anteriores por importe de 57,41 millóns de euros, mentres que deixaron sen rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 64,89 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 7,48 millóns de euros.

2.6. O remanente de tesourería da Administración xeral está sobrevalorado en 64,89 millóns de euros polas obrigas non imputadas ao orzamento no que se realizaron os gastos e que se rexistran parcialmente na conta 409. O remanente non distingue entre o afectado e o non afectado.

2.7. No ámbito do Sergas, no exercicio 2019 rexístranse gastos de exercicios anteriores por importe de 23,39 millón de euros, mentres que deixan de rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 61,98 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 38,59 millóns de euros”.



Este desprazamento de gasto distorsiona a transparencia requirida nos contas da Administración autonómica, así como a realidade sobre o cumprimento das regras de gasto de obrigado cumprimento.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento sistemático por parte da Administración autonómica das recomendacións feitas polo Consello de Contas no seus informes de fiscalización?

2ª) Considera o Goberno galego que a xestión orzamentaria da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais é axeitada?

3ª) Cales son as razóns do Goberno galego para que ano tras ano se repita esta falta de rigor orzamentario?

4ª) Considera o Goberno galego que esta práctica se corresponde co principio de transparencia?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2021 18:31:11

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/09/2021 18:31:26

Juan Carlos Francisco Rivera na data 07/09/2021 18:31:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandaría de montaña, esa que produce carnes variadas e exquisitas na calidade e no sabor non foi tema que lle preocupase ó PP máis alá de manter uns lazos populistas e caciquís que lle permitisen o control dos votos dos gandeiros e gandeiras.

Nunca optou por fortalecela e por darlle alternativas que fixeran dela nas súas diferentes variedades (vacún, cabalar, ovino e cabrún) unha actividade que asente poboación, xestione territorio e que sirva de prevención dos lumes pola súas rozas na matogueira dos nosos montes.

Estas afirmacións non son gratuítas. Nos anos 2013-14-15 e 18 a Consellería de Medio Ambiente non sacou ningunha liña de axudas para incentivar e desenvolver prácticas de manexo preventivo do gando coma mellor maneira de reducir e evitar os danos da fauna salvaxe nin á reparación destes. E as liñas de axudas aprobadas para prevención teñen resultado o suficientemente escasas coma para demostrar o pouco ou nulo interese da Xunta en abordar esta cuestión con responsabilidade e rigor.

O esforzo dunha administración en desenvolver este tipo de medidas de manexo preventivo das gandarías pode ser empregado coma o mellor indicador da importancia que se lle ten prestado ao longo dos anos á problemática do lobo. E os datos apuntan a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que a Consellería máis ben lle ten importado bastante pouco ou só o mínimo para aparentar cara a galería ante as críticas e malestar dos afectados.

E agora, de súpeto, o lobo pasa a ser asunto político central da axenda da Conselleira, cunha Xunta seica indignada polo posible cambio de protección legal da especie, coma paso para dar solucións ós danos que causan e garanti-la súa conservación. Resulta que agora para a Xunta a especie multiplicouse e comezou a ataca-lo gando coma nunca. Seica tanto ten aumentado nos últimos anos que estamos ante unha superpoboación. Orquestrouse unha especie de campaña para convencer á cidadanía que hai lobos por todas partes, danos por tódolos lados. Máis, á hora da verdade, a Xunta, se é e era coñecedora desta circunstancia, cabería preguntarse por que en tantos anos non se ten implicado máis e despregado medidas no grado e alcance proporcionado a esta suposta sobrepopoación.

Neste sentido, agardamos con ansia o resultado do censo exprés encargado pola Xunta para o 2021, para actualizar os datos da poboación referidos ó último censo realizado entre o 2013 e 2015. Censo que semella ideouse co propósito de demostrar que hai unha superpoboación lobuna e para o que non resultaría preciso protexer máis. Mudará de opinión a Xunta de resultar que o censo, no lugar de demostrar unha superpoboación, pode ofrecer unha diminución considerable das mandas con respecto ao anterior? Pois todo apunta, que os primeiros datos avanzados a nivel global das catro provincias van nesa liña.

Exerce de abandeirada doutras rexións e tenta acaparar apoios de tódalas forzas políticas nunha cruzada contra o lobo. Ante tanta insistencia e despregue político neste asunto, non hai quen o crea. A estratexia é clara, no fondo aquí o que menos lle importa á Xunta, unha vez máis, é o lobo e os gandeiros e os danos. Aquí o que importa é a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acción política de desgaste, o PP ten claro que hai que poñer patas arriba tódalas accións do goberno. E nisto o lobo pois tamén é utilizado.

As axudas, cando se sacaban, eran ridículas e as condicións eran e son de difícil cumprimento.

Poñamos por caso unha grea de gando cabalar en liberdade nun monte perimetrado de 400has. Para ter dereito a indemnización polos danos do lobo ten que se da-lo aviso nas 72 horas seguintes ó ataque e teñen que aparecer restos. Por conseguinte é necesario percorrer metro a metro as 400has cada 3 días, tódolos días do ano.

Vaia que están feitas a mantenta para non pagalas. Os cabalos deben ser chipeados. Un chip custa entre 40 e 50 euros. O valor no mercado dun poldro é arredor de 40 ou 60 euros. A realidade é demoledora.

Desde o bng non negámo-los ataques do lobo ó gando, pero defendémo-la súa existencia na necesaria diversidade. Unha sociedade moderna debe optar, ou se erradica, coas consecuencias que isto ten para a biodiversidade e como controlador natural e propiciador de beneficios para o ecosistema, ou se admite como necesaria a súa conservación en liberdade e cunha diversidade xenética axeitada para a súa existencia. Pero esta coexistencia non pode ser a costa dos gandeiros e gandeiras e para iso a sociedade debe procurar facilitar ós gandeiros:

- a) Medios preventivos que disuadan os ataques
- b) Medios que compensen os danos.

Os medios preventivos que ofrece o goberno son escasos e teñen unhas condicións ás veces de difícil cumprimento polos prazos, documentación farragosa ... O asesoramento en prevención non existe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os medios compensatorios son tamén escasos e con condicións que deixan fóra a maior parte da casuística. No tocante a gando cabalar en liberdade queda case todo fóra porque aínda que os ataques son moitos e fan que os poldros non aparezan no tempo dos curros, ó non haber despoxos nin notificacións en tempo a Consellería lava as mans.

Mante-los espazos privilexiados dos nosos montes, as turbeiras de coberteira do Xistral e do Cadramón, as greas da Capelada, Sabucedo, Monte Faro de Vimianzo, Castrove, da Groba... supón mante-la actividade dos besteiros de xeito digno e non en precario como están agora e un dos medios disuasorios dos ataques do lobo é constituír greas ben formadas.

Favorece-la ganaría extensiva nos nosos montes e mante-la existencia do lobo pasa por recuperar, formar e facer rendible o oficio de pastor. O equilibrio medioambiental, a xestión do territorio e a loita en contra do lume ben merecen ese esforzo.

Claro que toda esta protesta que manipula o PP e que utiliza como airado argumento a inclusión do lobo no Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas (LESRPRE) só persegue desgasta-lo goberno central e camufla-la responsabilidade do goberno galego na xestión do lobo e no deterioro galopante da ganaría extensiva.

Conta a Xunta xa con algún primeiro dato avanzado da situación no número de mandas de lobo do censo que está realizando? De demostrarse que non hai superpoboación e que, pola contra, a poboación tería diminuído, vai cesar na súa reivindicación contra a inclusión do lobo no LESRPRE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é así como se xestiona e respecta a actividade dos gandeiros e gandeiras en extensivo. Claro que deste xeito tamén se canaliza politicamente o cabreo xustificado polo abandono e pola incompetencia do goberno da Xunta do PP.

E no referente á reparación dos danos é necesario unha valoración destes o máis real posible contemplando tamén o lucro cesante e ampliando as axudas á gandería de autoconsumo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas ten previsto tomar o goberno galego para facilita-la coexistencia entre a gandería extensiva, que avanza cara a súa desaparición, e unha poboación de lobo que precisa que se protexa a súa funcionalidade xenética e ecolóxica.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 12:11:19

María González Albert na data 08/09/2021 12:11:22

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 12:11:35



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**

As administracións locais fixeron un gran esforzo económico para paliar as consecuencias da pandemia provocada pola Covid-19. Un dos maiores gastos locais para moitos dos concellos é o custe que supón o SAF pola ausencia da actualización da cota que a Xunta tiña que aportar ao servizo. Finalmente o Goberno galego accedeu, a proposta do Grupo Socialista, dedicar ao incremento da cota que asume do SAF dunha parte do fondo de consenso destinado a paliar os efectos da Covid. Dende o grupo que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia fíxose o compromiso de aumentar de 9,70 euros a hora do SAF, a 11,50 euros por hora.

Polo tanto nun momento de crise sanitaria, cando as administracións locais están a organizar os seguintes presupostos é preciso saber se o Goberno da Xunta de Galicia asumirá o incremento do copago no SAF ordinario en Galicia, e cando se fará efectivo.

Tratándose dun servizo fundamental dentro do novo modelo de coidados que Galicia precisa, unha das comunidades autónomas con maior taxa de envellecemento, é urxente un traballo transversal entre as administracións que ofrezca a previsión de recursos a modo de organizar a mellora do propio servizo.

A repercusión dunha boa organización e previsión dos recursos, repercutirá sobre o benestar das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

- 1.^a) Dende que ano non actualizou a Administración autonómica a súa aportación ao SAF?
- 2.^a) Cando ten previsto materializar o aumento na aportación que fai a Administración autonómica ao SAF?

Pazo do Parlamento, 08 de setembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 08/09/2021 17:13:26

Julio Torrado Quintela na data 08/09/2021 17:13:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a incidencia que o baleirado dos encoros por parte das eléctricas tivo na extinción dos lumes da xornada do 7 de setembro e das medidas a tomar por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xornada do 7 de setembro déronse unhas condicións climatolóxicas que situaron a boa parte do territorio galego en situación de risco extremo en relación coa posíbel declaración de incendios forestais.

As previsións non erraron e nesa xornada (e xa na anterior do 6 de setembro) declaráronse no conxunto do país distintos lumes de distinta categoría que afectaron en maior ou menor grao a diferentes concellos de todo o país sendo o máis grave o declarado en Ribas de Sil (Lugo). Este último derivou no primeiro “grande incendio forestal” do ano no país e, partindo de dous focos diferentes, afectou nese concello e no veciño Pobra de Brollón a aproximadamente 1.450 hectáreas de masa arborada e monte baixo segundo os datos oficiais, sendo declarada situación 2 ante o grave perigo de afectación aos núcleos habitados de Rairos, Beirán (Salcedo) ou as Laceiras.

Ao tempo nesa xornada de lumes declaráronse, entre outros moitos incendios, dous focos no concello de Chandrexa de Queixa (Ourense) que remataron por queimar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

122 hectáreas de monte raso e que se achegaron a 100 metros do parque natural do Invernadoiro.

Paralelamente estamos a asistir en Galiza a unha situación inédita na que as grandes empresas eléctricas teñen levado a cabo un baleirado agresivo dalgúns dos maiores encoros dos nosos ríos para especular cos prezos da luz a custa dun ben básico e aumentar así o seu negocio.

Este baleirado coñecido con anterioridade pola Xunta de Galiza e que representa un grave atentado ecolóxico e unha intervención abusiva no mercado eléctrico, ten ademais unha grave derivada vinculada á actuación dos medios aéreos en lumes tan complicados de abordar como os que mencionamos con anterioridade.

Así, semella confirmado que, cando menos nos dous lumes de Chandrexa de Queixa, non se puido contar coa intervención dos FOCA porque a situación de baleirado do Cenza (ao 12,5% da súa capacidade) e as Portas (14,74% de capacidade), os encoros máis próximos impedía realizar os traballos de carga. Queremos ter presente o agravante de que toda a superficie ardida neses lumes foi dentro do Macizo Central ourensán e polo tanto dentro da Rede Natura.

No grande lume de Ribas de Sil, por outra banda, vimos como eses mesmos FOCA tiñan que alongar o tempo de desprazamento para poder cargar en Belesar (a uns 40 km) cando o Cenza estaba só a 28 km de distancia.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- Cal é a posición do goberno galego a respecto do baleirado de encoros e da súa incidencia nas labores de extinción de lumes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o goberno galego que o baleirado dos encoros do Cenza e As Portas tivo algún tipo de incidencia nas labores de extinción dos lumes de Chandrexa de Queixa e Ribas de Sil?

- Entorpeceu ese baleirado a carga próxima dos hidroavións prolongando polo tanto os tempos de acción e extinción?

-Que valoración fai a Xunta de Galiza desa incidencia?

- Teñen realizado algunha cuantificación do custe extra de extinción derivado dese prolongamento dos lumes?

- Teñen feito unha estimación de cantas hectáreas menos se terían queimado de poderen usar os FOCA con normalidade?

- Teñen previsto aplicar algún tipo de sanción a Iberdrola (concesionaria das Portas e o Cenza) polas responsabilidades derivadas dos seus actos no referido a estes lumes?

- Están a tomar algún tipo de medida para que os encoros volvan aos seus niveis medios de anos anteriores e que non se repita a situación en caso de declararse novos incendios forestais? De que tipo?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 08/09/2021 18:45:16

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 18:45:24

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 18:45:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert e Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**,
sobre a recuperación das zonas queimadas nos lumes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As xornadas do 6 e o 7 de setembro foron Galiza estaba en risco extremo ante a
posibilidade de incendios forestais. Así, máis unha vez, no luns 6 de setembro o país
comezou a arder de norte a sur e de leste a oeste: Éntoma (O Barco de Valdeorras),
Enxilde (Mazaricos), Pantón, Chandrexa de Queixa, Cerceda, Portomarín, Santa
Comba, Bastavales (Brión), Guitiriz, Friol, A Peroxa, (San Fiz)A Proba de Trives, Seres
(Castroverde), Cualedro, Quiroga, A Pobra de Brollón e Ribas de Sil.

Este último, o de Ribas de Sil, estaba situado dentro do perímetro da Ribeira
Sacra e en boa medida dentro do xeoparque Montañas do Courel e derivou no primeiro
“grande incendio forestal” do ano no país e, partindo de dous focos diferentes, afectou
nese concello e no veciño da Pobra de Brollón a aproximadamente 1.450 hectáreas de
masa arborada e monte baixo segundo os datos oficiais, sendo declarada situación 2 ante
o grave perigo de afectación aos núcleos habitados de Rairos, Beirán (Salcedo) ou as
Laceiras.

Por outra banda, os dous lumes declarados en Chandrexa de Queixa afectaron a
máis de 120 hectáreas do Macizo Central e da escasa Rede Natura declarada como tal
en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha vez controlados, estabilizados e sufocados os lumes chega a importante labor de recuperación destas zonas ambiental, cultura, social e economicamente relevantes das provincias do interior de Galiza, que teñen no Macizo e na Ribeira Sacra dous dos elementos máis singulares e enriquecedores dos seus territorios.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que medidas ten previsto tomar o goberno galego para evitar a contaminación derivada dos lumes nos cursos fluviais?

- Foran executadas todas as labores de limpeza de biomasa e franxas secundarias nas zonas afectadas polos lumes de Ribas de Sil e Quiroga?

- Que valoración se fai desde a Xunta de Galiza do dano inflixido por estes lumes no Parque Natural do Macizo Central, na Ribeira Sacra e no Xeoparque Montañas do Courel?

- Que medidas urxentes vai tomar o goberno para rexenerar as zonas queimadas dentro deses espazos singulares?

- Ten pensado a Xunta de Galiza tomar medidas especiais de protección para zonas especialmente sensíbeis do país como os Parques Naturais ou a Ribeira Sacra?

- De que tipo?

- Que medidas a medio e longo prazo van tomar para tentar minorar as afectacións dos incendios forestais en espazos protexidos e singulares?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 19:32:18

María González Albert na data 08/09/2021 19:32:21

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 19:32:30



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O artigo 45.1 da Constitución establece que: “Todos tienen el derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, así como el deber de conservarlo”. Como teñen longamente establecido a doutrina e a xurisprudencia, este artigo da carta magna configura un dereito-deber e un principio reitor da política económica e social que vincula á cidadanía pero moi especialmente aos poderes públicos, e no caso de Galicia singularmente á Xunta de Galicia como titular de importantes competencias en materia medioambiental, que a modo de síntese como di a exposición de motivos do Decreto 7/2019, de 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, poden resumirse así: “a Comunidade Autónoma de Galicia exerce competencias en materia de inspección ambiental no marco do disposto nos artigos 149.1.23ª y 148.1.9ª da Constitución e no artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, dando cumprimento á súa competencia exclusiva para ditar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe e na xestión en materia de protección do medio ambiente, respectando en todo caso a lexislación básica do Estado na materia”.

Recentemente, tivemos coñecementos do baleirado excesivo de determinados encoros da Confederación Hidrográfica Miño Sil. Estes embalses teñen concesións que datan da época franquista, anos 50 e 60, cando o medio ambiente non formaba parte das prioridades dunha ditadura de por si anacrónica.

O presidente da Xunta, en declaracións públicas efectuadas nos últimos días cualificou o acontecido como feitos “de enorme trascendencia ecológica que Galicia no se merece” engadindo que «no sé si es legal o no, pero es un disparate, es una irresponsabilidad manifiesta y es una falta de respeto impropia al Gobierno gallego y a los gallegos. No he visto una cosa así en los 12 años que llevo de presidente”. Tamén dixo que é «un acto de irresponsabilidad francamente impropio de ningún Gobierno, y menos de uno que presume de estar a favor de la ecología. Es un acto de irresponsabilidad sin paliativos»

Resultan sorprendentes tales afirmacións por parte do presidente da Administración autonómica galega cando dentro das amplas competencias medioambientais da Xunta de Galicia figura a protección dos ecosistemas



fluviais, non só dos da demarcación Galicia-Costa, senón tamén dos da demarcación Miño-Sil que estean radicados en Galicia, con independencia de que a xestión hidráulica corresponda a CHMS. De feito, a dita protección non está configurada como opcional, senón que resulta obrigatoria para a Xunta de Galicia, que non pode elixir protexer ou non protexer, senón que ten a obriga taxativa de protexer dentro do procedemento que establece a propia normativa por ela aprobada.

En concreto, o Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais establece no seu artigo 83, baixo o título de “Esgotamento de masas de auga” establece que:

1. Excepto en circunstancias excepcionais, sempre que un particular ou unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vaia proceder á anulación ou ao baleirado, total ou parcial, dunha una masa de auga na que exista poboación ictícola que se poida ver afectada pola redución ou desaparición da masa de auga, deberá comunicalo cunha antelación mínima dun mes ao órgano competente, que **deberá notificalo inmediatamente á Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes para que esta estableza as medidas que se haberán de adoptar co obxecto de protexer á citada poboación**. En todo caso, deberá practicarse a dita comunicación sempre que o volume de auga baleirado sexa maior que o 80 % do volume máximo da masa de auga.
2. **As medidas citadas serán fixadas polo Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, que vixiará e coordinará a súa execución, e, despois da adopción das medidas previas, autorizará a anulación ou o baleirado coas condicións que garantan a protección e conservación da fauna acuática.**
3. Os gastos derivados da toma de medidas necesarias para evitar mortalidade de peixes ou riscos para a riqueza piscícola correrán por conta do concesionario, que igualmente será responsable dos danos e perdas ocasionados”.

Por tanto, consonte ao apartado primeiro deste artigo, as concesionarias (neste caso Iberdrola) teñen a obriga de comunicar o descenso do nivel dos seus encoros por debaixo do 20 % á Xunta, cousa que efectivamente aconteceu, concretamente o 10 de xuño no caso do encoro de Cenza, o 12 de xullo no caso do encoro das



Portas, mediante escritos remitidos ó servizo provincial de conservación da consellería de medio ambiente en Ourense.

Por outra banda, a vixente Lei de pesca de Galicia establece no seu artigo 73.1. ah) que constitúe infracción grave “Alterar de modo apreciable el nivel de las aguas o caudal del río, cuando pudieran derivarse daños para las especies piscícolas, salvo que la actuación resultase conforme y cumpliera las exigencias de la normativa en materia de aguas”.

E o artigo 83 desa mesma lei sinala en relación coas medidas provisionais asociadas o procedemento sancionador que “antes da iniciación do procedemento administrativo o órgano competente ... poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas”.

Finalmente, o artigo 33.c da Lei de protección ambiental da comunidade autónoma de Galicia sinala que constitúe infracción “A explotación indebida, o abuso ou a destrución dos recursos naturais, entendendo que a mesma se produce cando se realice contravindo os termos da autorización ou das normas que a regulan”. E o artigo 41 permite ao órgano ambiental (a Xunta de Galicia) a adopción de medidas cautelares incluíndo a suspensión da actividade, mentres que o artigo 29 encomenda a inspección ambiental no ámbito da Administración autonómica a unha “inspección ambiental única coordinada polo órgano da administración ambiental que regulamentariamente se determine”.

Sobre a base de todo o anterior, cando a competencia medioambiental en Galicia corresponde principalmente á Xunta de Galicia, cando hai normativa autonómica que establece obrigas moi claras de control, inspección e sanción e que, ademais, permite establecer medidas cautelares á Xunta de Galicia e cando a Xunta foi informada o 10 de xuño (máis de dous meses e medio antes das declaracións do presidente da Xunta que se transcriben) e o 12 de xullo (máis de mes e medio antes das mesmas declaracións), resulta dun cinismo insoportable que o Goberno de Galicia trate de derivar a súa responsabilidade cara ao Estado cando a súa obriga xenérica de protexer o medio ambiente de Galicia está ademais concretada no caso dos encoros (de todos os encoros situados en Galicia, non só dos da demarcación Galicia Costa) dun xeito taxativo.

Máis alá do cinismo, as palabras do presidente da Xunta apuntan a unha grave irresponsabilidade por non protexer o medio tendo constancia do que acontecía, o cal podería incluso caer dentro do ámbito da prevaricación por omisión, xa que o Goberno galego sabía o que acontecía, coñecía a súa obriga legal e non fixo absolutamente nada aparte de botar balóns fóra.



Estes días enterámonos da apertura de expedientes correspondentes aos xa citados encoros de Iberdrola pero tamén aos de Belesar e Salas, por infracción da Lei de pesca e por importe máximo de 25.000 euros pero ata o día de hoxe a Xunta non actuou para establecer as medidas que deben adoptar Iberdrola e Naturgy de acordo co Regulamento de pesca fluvial pero tamén polas leis de patrimonio natural e de protección ambiental de Galicia.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Porque o Goberno galego aínda non comunicou as medidas preventivas que debe comunicar ás empresas hidroeléctricas de acordo co artigo 82 do Regulamento de pesca fluvial respecto dos 4 encoros que foron obxecto de expediente sancionador?

2ª) Por que o Goberno galego ocultou que foi informado por Iberdrola en xuño e xullo do baleirado dos encoros?

3ª) Houbo algún tipo de inspección por parte do Goberno galego respecto da situación deses encoros nos últimos meses?

4ª) Vai o Goberno galego adoptar as medidas que permite a lexislación medioambiental galega para protexer os ecosistemas fluviais no caso dos 4 encoros que foron obxecto de expediente sancionador?

5ª) En caso afirmativo, que medidas se van adoptar?

6ª) Ten coñecemento o Goberno galego dos danos medioambientais nos catro encoros obxecto de expediente sancionador?

Pazo do Parlamento, 9 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 09/09/2021 16:41:23

Martín Seco García na data 09/09/2021 16:41:38

Paloma Castro Rey na data 09/09/2021 16:41:55



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

